

O Nadal trae recordos, luces, e tamén historias e contos que se multiplican co tempo

O mellor agasallo: un libro

2º CICLO PRIMARIA

PASEANDO JUNTO A ELLA. Georgina Lázaro. Ed.: Everest.

Unha historia, belísimamente ilustrada, chea de amor, tristeza e dozura a partes iguais. Son versos cheos de tenrura, cos recordos dun neno e a súa relación cun dos seus seres máis queridos: a súa avoa.

Unha historia chea de corazón que emociona pola súa beleza e a súa sensibilidade.



SON UN CABALO. Gonzalo Moure. Ed.: Kalandraka.

A través dun relato cheo de tenrura e emoción, en ton poético, Gonzalo Moure invita ao lector a adoptar un punto de vista inusual, a poñerse na alma e nos sentidos dun caballo, o que en definitiva supón verse a si mesmo a través doutros ollos para comprender como somos vistos os humanos por seres sobre os que exercemos dominación, e mesmo violencia.

3º CICLO PRIMARIA



ARRUGAS. Paco Roca. Ed.: Astiberri.

Emilio, un antigo executivo bancario, é internado nunha residencia de ancianos pola súa familia tras sufrir unha nova crise de Alzheimer. Alí aprende a convivir cos seus novos compañeiros e cos cuidadores que os atenden.

Un cómic no que se tratan temas tan delicados como a demencia senil e o Alzheimer, dun xeito intimista e sensible.

A MERLA DE TRAPO. Antón Cortizas. Ed.: Xerais.

Todo empeza neste conto de "fadas sen fadas", cando Antonia, a mociña costureira, descobre un día na varanda da ventá un merlo de ferro, coas plumas feitas de reflexos de lúa nova, e as ás feitas de flocos de nubes altas de treboada. Co pór do sol liscou voando e volveu durante sete días; o sétimo trouxo no peteiro...



Guía de Lectura

Nadal 2011



CEIP ISAAC PERAL

A NOSA GUÍA

Un ano máis chega o tempo do Nadal. Unhas festas cheas de ledicia para compartir coa familia e os amigos.

Este tempo de lecer é unha estupenda ocasión para ler e para pedir, aos que vós xa sabedes, un ou máis libros de agasallo.

Por iso, Peraliño preparouvos unha lista de libros que podedes pedir porque de seguro vos van gustar.



Xa sabedes que Peraliño é moi amigo de Papa Noël e dos Reis Magos. Así que pedide, pedide! De seguro que vos traerán todos os contos que vos gustan!

DESEXÁMOSVOS FELICES FESTAS NA COMPAÑÍA DOS MÁIS QUERIDOS E DOS LIBROS PREFERIDOS

Para coñecer a nosa biblioteca visitade a nosa [PÁXINA WEB](http://centros.edu.xunta.es/ceipisaacperal)

<http://centros.edu.xunta.es/ceipisaacperal>

Nela atoparemos multitude de [CONTOS E ACTIVIDADES DO NADAL](#)


E non esquecerse de visitar o noso sitio ["QUE LEMOS"](#)

onde están os libros recomendados para o Nadal, a Paz, o Verán...

Tamén podedes [LER NA REDE](#) ou visitar a nosa [BIBLIOTECA VIRTUAL](#)

LIBROS RECOMENDADOS

EDUCACIÓN INFANTIL



40 COSAS QUE SÓLO HACEN LOS ABUELOS.
Harriet Ziefert. Ed.: SM.

Coidador de mascotas, arquitecto, cazador de insectos, gardatoallas... Un libro para descubrir as diversas facetas dos avós e as tarefas que só eles poden cumprir.



AS MANOPLAS DE CARAPUCHIÑA. Inés Almagro. Ed.: OQO Editora.

Unha nova versión do clásico conto de Carapuchiña que recolle a tradición, pero cunha paisaxe nevada que abraia ata á propia Carapuchiña, quen chega a preguntarse como cambiou tanto o seu propio conto. O humor está servido...



1º CICLO DE PRIMARIA

LARA Y LOS CUENTOS DEL ABUELO. Carlos Reviejo y Tesa González. Ed.: Almadraba.

Lara sinte curiosidade por coñecer o porqué das cousas do mundo que a rodea. Pregunta e pregunta sen parar. Por sorte ten un avó que sabe responder ás súas preguntas. E faino dun xeito divertido: contándolle contos. Así Lara pode enterarse de por que rin as hienas, de por que as xirafas teñen o pescozo tan longo...



AQUEL NENO, AQUEL VELLO. Avelino Hernández. Ed.: Kalandraka.

Un neno vive o abandono dos seus pais na casa da súa aboa no pobo. Un vello vive a soledade da súa xubilación. Un arranque de tenrura do neno fai que os dous se atopen e muden en compañía as súas soedades.